FACULTADE DE CIENCIAS

MÁSTER en INNOVACIÓN en NUTRICIÓN, SEGURIDADE e TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS

D/D.ª. Lidia Barreira González

Desenvolvemento dun método rápido para asegurar a identidade varietal en aceites de oliva.

Traballo Fin de Máster

Xaneiro 2025

Índice

1. Resumo 3
2. Introdución 6
2.1 Lexislación. 6
2.2 Problemática e fraude alimentario. 8
2.3 Identificación varietal. 9
2.4 Variedades empregadas. 11
3. Obxectivos 12
4. Materiais e Métodos 13
4.1 Obtención de mostras. 13
4.2 Extracción e cuantificación de ADN total. 13
4.3 Identificación morfolóxica. 15
4.4 Identificación das rexións xenéticas a estudar 16
4.5 Amplificación mediante PCR e secuenciación. 17
4.6 Análise bioinformático 18
4.7 Ensaio de xenotipado mediante qPCR TaqMan. 23
5. Resultados e discusión 26
5.2 Extracción e cuantificación de ADN total. 26
5.2 Identificación morfolóxica. 27
5.3 Identificación das rexións xenéticas a estudar 28
5.4 Amplificación mediante PCR e secuenciación. 28
5.6 Ensaio de xenotipado mediante qPCR TaqMan. 35
6. Conclusións 45
7. Bibliografía 47
8. Anexo 49

1. Resumo

O aceite de oliva é un dos produtos cun maior risco de adulteración tanto polos seus elevados beneficios para a saúde e elevada calidade, como polo grande impacto socio-económico e alto prezo de mercado. O fraude alimentario pode deberse tanto á mestura con aceites vexetais máis baratos como á falsificación do orixe, cultivar ou categoría. Para previlo, é moi importante poder realizar análises rápidos, sensibles e in-situ en diferentes puntos da cadea de suministro, asegurando a súa trazabilidade e autenticidade para protexer aos consumidores e apoiar aos produtores(1).

O obxectivo do presente traballo é desenvolver un método baseado en ADN para detectar variedades de olivo, e integrar este método nun dispositivo miniaturizado que poda ser aplicado en diferentes puntos da cadea de valor, dende granxas ata empresas alimentarias. A detección baséase no xenotipado de SNPs (Single Nucleotide Polimorfisms)(2).

Para o desenvolvemento do método, empregáronse oito mostras de olivas e follas procedentes de Chipre e Turquía. Antes de comenzar, caracterizáronse morfolóxicamente atentendo a caracteres do endocarpo, determinando a identidade e autenticidade varietal. Unha vez identificadas, o ADN de todas as mostras foi extraído para amplificar rexións dos xenes *Cicloartenol sintase* (OEX) e *Lupeol sintase* (OEW) mediante end-point PCR, e os amplicóns visualizáronse mediante electroforese en xel. Finalmente, estes secuenciáronse (Sanger Sequencing by Macrogen) para a súa análise bioinformática (3,4).

Mediante a análise bioinformática empregando Geneious Prime Software, primeiro correxíronse as secuencias individuais para posteriormente alinear todas as variedades de cada xen (con secuencias baixadas de referencia depositadas na base de datos GenBank), e atopar marcadores específicos (SNPs) que permitan a identificación das variedades en matrices complexas(4,5). Con estes marcadores diseñáronse sondas para realizar ensaios de xenotipado TaqMan® que permitan discriminar dous alelos cunha soa diferenza nucleotídica. Esta discriminación baséase na hibridación específica das sondas, para o que se empregan dous colorantes diferentes, VIC e FAM. Deste xeito, poden amplificarse e detectarse alelos específicos no ADN xenómico (ADNg) mediante unha qPCR.

Palabras chave**:** análise de DNA, microfluídica, trazabilidade, autenticidade, aceite de oliva.

Título, resumen y palabras clave:

Desarrollo de un método rápido para asegurar la identidad varietal en aceites de oliva.

El aceite de oliva es uno de los productos con mayor riesgo de adulteración tanto por sus elevados beneficios para la salud y su alta calidad, como por el gran impacto socioeconómico y alto precio de mercado. El fraude alimentario puede deberse tanto a la mezcla con aceites vegetales más baratos como a la falsificación del origen, cultivar o categoría. Para prevenirlo, es muy importante poder realizar análisis rápidos, sensibles y en-situ en diferentes puntos de la cadena de suministro que aseguren su trazabilidad y autenticidad para proteger a los consumidores y apoyar a los productores(1).

El objetivo del presente trabajo es desarrollar un método basado en ADN mediante genotipado de SNPs (Single Nucleotide Polimorfisms) para detectar variedades de olivo. Luego, se busca integrar este método en un dispositivo miniaturizado que pueda aplicarse en diferentes puntos de la cadena de valor, desde granjas hasta empresas alimentarias.

Para el desarrollo del método se utilizaron ocho muestras de aceitunas y hojas procedentes de Chipre y Turquía. Antes de comenzar, se caracterizaron morfológicamente atendiendo a caracteres del endocarpo, determinando la identidad y autenticidad varietal. Una vez identificadas, se extrajo el ADN de todas las muestras para amplificar ciertas regiones de los genes *Cicloartenol sintasa* (OEX) y *Lupeol sintasa* (OEW) mediante PCR de punto final, y los amplicones se visualizaron mediante electroforesis en gel. Finalmente, se secuenciaron (Secuenciación Sanger por Macrogen) para su análisis bioinformático.

Con el análisis bioinformático, usando Geneious Prime Software, se corrigieron las secuencias individuales y para luego alinearlas junto con secuencias descargadas de GenBank para cada gen, y así encontrar marcadores específicos (SNPs) que permitan la identificación en matrices complejas. Con estos marcadores, se diseñaron sondas para realizar ensayos de genotipado TaqMan® y así discriminar dos alelos con una sola diferencia nucleotídica. La discriminación se basa en la hibridación específica de las sondas marcadas con dos colorantes diferentes: VIC y FAM. Así se consigue amplificar y detectar específicos en el ADN genómico (ADNg) mediante qPCR.

Palabras clave: análisis de ADN, microfluídica, trazabilidad, autenticidad, aceite de oliva.

Title, summary and keywords:

Development of a rapid method to ensure varietal identity in olive oils.

Olive oil is one of the products with highest risk of adulteration, both for its high health benefits and high quality, as well as for its great socioeconomic impact and elevated market price. Food fraud can occur by blending it with cheaper vegetable oils and, but also by falsifying the origin, cultivar or category. To prevent it, it is very important to be able to perform rapid, sensitive and on-site analyses at different points of the supply chain to ensure traceability and authenticity to protect consumers and support producers (1).

The objective of the present study is to develop a DNA-based method by SNPs genotyping (Single Nucleotide Polymorphisms) to detect olive varieties. Then, the aim is to integrate this method in a miniaturized device that can be applied in different points of the value chain, from farms to food companies.

Eight samples of olives and leaves from Cyprus and Turkey were used to develop the method. Before starting, they were morphologically characterised according to endocarp traits, determining varietal identity and authenticity. Once identified, DNA was extracted from all samples to amplify certain regions of the *Cycloartenol synthase* (OEX) and *Lupeol synthase* (OEW) genes by end-point PCR, and the amplicons were visualised by gel electrophoresis. Finally, they were sequenced (Sanger sequencing by Macrogen) for bioinformatics analysis.

With the bioinformatics analysis, using Geneious Prime Software, the individual sequences were corrected and then aligned with sequences downloaded from GenBank for each gene, to find specific markers (SNPs) that allow identification in complex matrices. With these markers, probes were designed to perform TaqMan® genotyping assays to discriminate two alleles with a single nucleotide difference. The discrimination is based on the specific hybridisation of the probes labelled with two different dyes: VIC and FAM. Thus, specific amplification and detection of genomic DNA (gDNA) is achieved by qPCR.

Keywords: DNA analysis, microfluidics, traceability, authenticity, olive oil.

2. Introdución

O cultivo do olivo ten a súa orixe no período Neolítico e provén da Asia Menor e Oriente Próximo. Posteriormente o mar mediterráneo permitiu a súa expansión hacia Occidente. En España foron os fenicios os encargados de introducir o seu cultivo. O sector oleícola é un dos mais importantes no sistema agroalimentario español, pola súa importancia económica, social, ambiental e sanitaria (6).

Olea europaea L. representa o principal cultivo produtor de aceite (5). Trátase dun cultivo que se pode autopolinizar e produce descendencia cunha elevada diversidade xenética. Isto permitiu que, dende os comezos da súa domesticación, se escolleran os cultivos con mellores características para a propagación vexetativa, derivando nos cultivares que actualmente son empregados para a produción de aceite. Dita domesticación tamén conlevou grandes problemas para o manexo e a preservación do xermoplasma (5).

O aceite de oliva, tanto polos seus beneficios para a saúde como polo seu gran valor nutricional, ten un elevado impacto socioeconómico. Dentro das súas variedades, o aceite de oliva virxe extra destaca pola súa elevada calidade e alto prezo de mercado, relacionado co baixo rendemento de recuperación en comparación co aceite de oliva refinado, resultando en costes de produción moito maiores (7–9).

2.1 Lexislación.

As variedades de olivo poden clasificarse en función das súas aptitudes(6) en:

- **Variedades almazara:** destinadas principalmente á obtención de aceite. O Código Alimentario Español define o aceite de oliva como "o líquido oleófobo que se extrae dos froitos maduros da oliva (*Olea europaea*) sen ter sido sometido a ningunha manipulación ou tratamento non autorizado".
- **Variedades de mesa**: aqueles froitos de variedades determinadas que sometidos a preparacións adecuadas resultan nun produto de consumo con boa conservación como mercancía comercial.
- **Dobre aptitude**: variedades cuxos froitos ofrecen a posibilidade de ser destinados tanto á produción de aceite como ao seu consumo en mesa.

A lexislación específica (10) aplicable ao aceite de oliva e olivas de mesa en España, ríxese pola Normativa Comunitaria mediante o *Regulamento Delegado (UE) nº 2022/2104 sobre as normas de comercialización do aceite de oliva*, e pola Normativa Nacional mediante o *Real Decreto 861/2018, do 13 de xullo, polo que se establece a normativa básica en materia de declaracións obrigatorias dos sectores del aceite de oliva e as olivas de mesa*, o *Real Decreto 84/2021, do 9 de febreiro, polo que se establecen as normas básicas para a aplicación do artigo 167 bis do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, regulador das normas de comercialización do aceite de oliva*, e o *Real Decreto 760/2021 sobre a norma de calidade dos aceites de oliva e os aceites de bagazo de oliva*.

No artigo 5 do Regulamento Delegado (UE) 2022/2104 da Comisión do 29 de xullo de 2022 (11) establécense as normas específicas para o etiquetado do aceite de oliva na Unión Europea, e contempla que se deben incluír na mesma:

1. A categoría do aceite de oliva, especificadas e definidas no Regulamento (UE) No 1308/2013 (12). Ademais, tamén se deberá incluír información referente á categoría, como se indica no Artigo 6 do Regulamento Delegado (UE) 2022/2104, a cal se recorre xunto a denominación da categoría.

   Categorías:

   a. Aceite de oliva virxe
      i. Aceite de oliva virxe extra: "aceite de oliva de categoría superior obtido directamente de aceites e só mediante procesos mecánicos"
      ii. Aceite de oliva virxe: "aceite de oliva obtido directamente dos aceites e só mediante procesos mecánicos"
      iii. Aceite de oliva lampante
   b. Aceite de oliva refinado
   c. Aceite de oliva que contén exclusivamente aceite de oliva refinado e aceite de oliva virxe: "aceite que contén exclusivamente aceites de oliva sometidos a un tratamento de refinado e aceite obtido directamente de olivas".
   d. Aceite de bagazo de oliva cru
   e. Aceite de bagazo de oliva refinado
   f. Aceite de bagazo de oliva:

i. "aceite que contén exclusivamente aceites resultantes do tratamento do produto obtido tras a súa extracción do aceite de oliva e aceites obtidos directamente de olivas»
ii. “aceite que conteña exclusivamente aceites resultantes do tratamento do bagazo de oliva e aceites obtidos directamente de olivas».

De acordo co establecido no Anexo VII parte VIII do Regulamento (UE) No 1308/2013, só poderán comercializarse ao por menor os aceites a.i, a.ii, c, e f, polo tanto a información relativa ao etiquetaxe só fai referencia ás mesmas.

2. Información sobre condicións de almacenamento do produto.
3. Indicación do lugar de orixe para os aceites de oliva virxe extra e aceite de oliva virxe, así como a recolecta de olivas nun país diferente ao de extracción do aceite.
4. O número da empresa de envasado.

2.2 Problemática e fraude alimentario.

Como se pode observar, na etiquetaxe do produto non é obrigatorio incluír información sobre a variedade empregada na elaboración do aceite. Estes datos forman parte da información de voluntaria inclusión tanto no etiquetaxe como nos documentos de acompañamento durante o transporte do aceite.

A pesar disto, existe un interese crecente no mercado tanto por coñecer a orixe xeográfica e varietal do aceite, como a calidade do mesmo, de forma que permita aos consumidores seleccionar produtos de proximidade.

Actualmente, tanto produtores como consumidores, apostan por dar valor a produtos locais e sostibles de elevada calidade, xerando interese pola identificación das variedades locais de olivo. Para isto precísase dunha tecnoloxía que permita a identificación das mesmas, e que sexa accesible nas diferentes partes da cadea de valor.

Ademais, o elevado prezo do aceite motiva o risco de fraude alimentario, ben sexa mesturándoo con aceites vexetais máis baratos, como falsificando o seu orixe, cultivar ou categoría (13). Para previlo, é moi importante poder realizar unha análise rápida, sensible e in-situ en diferentes puntos da cadea de suministro asegurando a trazabilidade e autenticidade do produto.

2.3 Identificación varietal.

Segundo o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (14), para levar a cabo a identificación varietal é necesario ter en conta os seguintes aspectos:

a. Datos de pasaporte: a denominación aceptada da variedade, sinonimias, zonas predominantes de cultivo e importancia relativa do cultivar.
b. Caracteres morfolóxicos: escolléronse 28 caracteres para proceder á correcta identificación varietal de acordo aos considerados pola Unión internacional para a Protección de Obtencións Vexetais, os empregados polo Comité Oleícola Internacional e os estudios de Barranco e Rallo (1984) e de Barranco et al. (2000). Estúdanse caracteres da árbore, da folla, do fruto e do oso (endocarpo).
c. Consideración agronómicas e comerciais

Pola enorme cantidade e variedade de cultivares sinónimos e homónimos, o elevado risco de fraude deste produto e o intenso intercambio de material vexetal, entre outros, a identificación varietal é un proceso clave á vez que complexo.

Para a autenticación e trazabilidade do aceite de oliva realízanse, ademais do estudo das características morfolóxicas, análises químicos baseados no análise da composición da mostra. Os compoñentes estudados divídense en compoñentes maiores e menores. Dentro dos maiores atopamos análise de AGs (ácidos graxos) ou de TGs (triglicéridos), e entre os menores ou de fracción insaponificable atopamos análise de hidrocarburos, fracción fenólica, fitoesterois, tocoferois ou pigmentos. Para levar a cabo estes estudos recórrese a técnicas analíticas, destacando os métodos cromatográficos, que permiten a rápida separación e cuantificación dos compostos, e os métodos espectroscópicos (1). A desvantaxe destes estudos de composición é a inestabilidade ante as condicións ambientais. Polo tanto, nin o estudo das características morfolóxicas nin o análise de compostos permite resultados fiables para garantir a trazabilidade do aceite (1,13).

Ante a falta de procedementos confiables desenvolvéronse métodos baseados na identidade xenética para determinar o cultivar do que procede o aceite de oliva. Estes, permiten unha identificación máis fiable, dado que o xenoma, que corresponde co da árbore de procedencia, non se ve afectado polo ambiente, aínda que a veces podemos

atopar alelos extra que correspondan aos alelos do polinizador, contidos no embrión localizado dentro da semente (13).

2.3.1 Identificación xenética das variedades.

Os marcadores xenéticos son ferramentas válidas para a avaliación dos materiais biolóxicos, tanto en estudos xenéticos como en estudos de trazabilidade e auteticidade. Por isto, son ampliamente empregados para a caracterización de cultivares de olivo e a determinación da composición varietal, a orixe e a autenticidade do aceite de oliva (5).

Os métodos baseados no ADN presentan unha maior especificidade, sensibilidade e rendemento se os comparamos cos métodos bioquímicos. A pesar disto, teñen como desvantaxe que as mostras normalmente son complexas e cun baixo contido de material xenético, polo que a extracción é un paso chave (15). Ademais, as nucleasas do aceite, xunto con compostos fenólicos e polisacáridos residuais, poden inhibir a ADN polimerasa dificultando a amplificación do material por PCR(1). Por isto, desenvolvéronse diferentes técnicas de preparación e inmobilización do ADN para o seu posterior análise, empregando por exemplo soportes como sílice ou perlas magnéticas con superficies activas, ademais de diversos protocolos de extracción(1).

Existen moitos tipos de marcadores xenéticos para o estudo da identidade dos cultivares de olivo. Entre os máis destacados atopamos os RAPD, AFLP, ISSR, SNP ou SSR(1,3,5,15). Dentro destes, os SNPs (polimorfismos de nucleótido simple) e os SSRs ou microsatélites son os máis empregados, xa que son considerados como ideais para as mostras de ADN parcialmente degradado como o que se extrae do aceite de oliva, posto que precisan a amplificación de amplicóns de PCR curtos (3). A pesar de ambos ser bos candidatos, os SNPs son máis abundantes no xenoma, hérdanse dun xeito estable, e na maioría dos casos son bialélicos e codominantes (3). Polo tanto, os SNPs son os marcadores de elección para levar a cabo as tarefas de autentificación e trazabildade de cultivares de olivo.

Os xenes máis comúnmente empregados para a discriminación entre cultivares de olivo son os xenes cicloartenol sintase e lupeol sintase, que codifican proteínas implicadas na síntese de terpenoides (3,5) situadas en gotas de lípidos. Polo tanto, presentan un elevado potencial para a discriminación entre cultivares por ser claves na síntese de ácidos oleicos,

e por contar cun cDNA previamente identificado e amplamente secuenciado. Estudos levados a cabo nestes xenes permitiron o descubrimento de SNPs con potencial para a identificación de cultivares(5). A identificación dos SNPs levouse a cabo mediante o xenotipado e secuenciación do producto de PCR de diferentes cultivares, e o posterior análise comparativo das secuencias(5).

2.4 Variedades empregadas.

Para o desenvolvemento do presente proxecto obtivéronse mostras de dúas empresas de Chipre: Atsas Farm e Aparthenasa, así como dunha empresa galega, Aceites Abril e outra turca, Global Organics LTD, no marco do proxecto Horizon Europe TITAN (Número do proxecto: 101060739; https://titanproject.eu/).

As variedades de oliva empregadas son variedades almazara, e entre elas atópanse(16):

5. ***Picual*** (6): é a variedade máis importante de España, con aptitude almanzara. Os seus frutos presentan maduración precoz e é apta para a recolección mecánica, cunha elevada e constante productividade xunto cun elevado rendimento graso. O aceite obtido é de calidade media e alta estabilidade, o que ignifica que é moi resistente á rancidez polo seu altísimo contido en ácido oleico. Os aceites de oliva monovarietais picual representan arredor do 25% da producción mundial de aceite de oliva.
6. ***Arbequina*** (6): é unha variedade para a producción de aceite. É a variedade máis importate de Cataluña, aínda que tamén se atopa ampliamente difundida en Aragón e recientemente tamén en Andalucía. Fora de España atópase en Arxentina. Os seus frutos teñen unha forza de retención media, pero o seu pequeno calibre dificulta a recolección mecanizada. É apreciada pola súa elevada e constante producción, además de que a calidade do seu aceite é excelente polas súas boas características organolépticas, aínda que presenta unha baixa estabilidade. Ten un elevado contido oleoso. É aconsellada para plantacións intensivas polo seu reducido vigor, e é a variedade de base para as Denominacións de Orixe "Les Garrigues" (Lleida) e "Siurana" (Tarragona) de Cataluña.
7. ***Ladoelia***: é unha variedade orixinaria de Chipre, tanto con aptitude almazara como de mesa (aptitude dual), aínda que a producción de aceite é o seu uso principal. Ten

un contido de aceite medio-alto, dando un rendemento do 22-25%. O aceite é altamente valorado polo seu aroma intenso.

8. ***Kato Dry***: é unha variedade orixinaria de Chipre con doble aptitude: mesa e aceite. Foi creada como un clon da variedade Ladoelia para mellorar certas características como o crecemento, o rendemento, o peso do froito, o contido de aceite, a relación pulpa / oso, a conservación da oliva de mesa, a resistencia a factores bióticos e abióticos.
9. ***Kalamatas***: é unha variedade orixinaria de Grecia con aptitude dual. A pesar dista doble aptitude, é principalmente cultivada para producir olivas negras estilo grego. Ten unha alta produtividade, e conserva a cor negra independentemente do método de preparación. Dá un rendemento medio de aceite de excelente calidade.
10. ***Koroneiki***: é unha variedade almanzara que supón a principal variedade produtora de aceite de Grecia. Ten unha produtividade alta e constante, cun rendemento de aceite moi elevado, además de que este aceite está altamente valorado.
11. ***Kilis Yaglik*** (17): a orixe xeográfica desta variedade é Kilis, no sueste de Turquía. Caracterízase por un vigor medio, é resistente ás xeadas, e produce froitos de tamaño medio con alta produtividade. As froitas úsanse xeralmente na extracción de aceite de oliva.



Ilustración 1. Variedades de olivo empregadas. 1: Picual, 2: Arbequina, 3: Ladoelia, 4: Kato Dry, 5: Kalamatas, 6: Koroneiki, 7: Kilis Yaglik.

3. Obxectivos

A finalidade e obxectivo último do presente proxecto de investigación, é o de desenvolver un método que permita determinar de xeito rápido e fiable a identidade varietal das olivas empregadas na elaboración do aceite de oliva. Ademais, búscase que este método de

identificación se poda incluír en dispositivos miniaturizados de microfluídica para ser empregados en diferentes puntos da cadea alimentaria de dito produto.

Para a consecución deste obxectivo principal, establécense unha serie de obxectivos secundarios, tales como:

- Analizar e identificar mediante búsqueda bibliográfica aquelas rexións do material xenético da especie *Olea europaea* que presenten variabilidade intervarietal descrita, e polo tanto, nas que se podan atopar polimorfismos.
- Identificar mediantes ferramentas bioinformáticas polimorfismos intervarietais que permitan discriminar as variedades de olivo de interese de outras variedades comerciais.
- Deseñar, desenvolver e testar un método molecular específico para a identificación das variedades obxecto de estudo neste traballo: *Ladoelia, Kato Dry, Kalamatas,* e *Koroneiki,* así como *Picual* e *Arbequina* de xeito adicional.

4. Materiais e Métodos

4.1 Obtención de mostras.

Obtivéronse mostras de dúas empresas de Chipre: Atsas Farm e Aparthenasa, así como dunha empresa galega, Aceites Abril e outra turca, Global Organics LTD.

As mostras, que constan de oliva e/ou folla, atópanse en bolsas individuais pechadas e identificadas segundo variedade. A variedade turca unicamente foi enviada ao laboratorio INL (International Iberian Nanotechnology Laboratory) en Braga.

A Táboa 1. Códigos empregados nas mostras. recolle as mostras recibidas, o seu código de extracción asignado, e o seu orixe.

4.2 Extracción e cuantificación de ADN total.

O primeiro paso foi a extracción do material xenético de todas as mostras. O kit comercial empregado foi o ***DNeasy Plant Pro and Plant Kits de*** QIAGEN® (© QIAGEN® 2013–24). Este kit permite unha extracción rápida e a obtención de ADN listo para empregar.

As mostras introdúcense nun tubo de disrupción, que permite mediante a tecnoloxía "bead beating" ou "batido con microesferas" e a presencia dunha solución tampón, a lise e homoxenización mecánica das mesmas de xeito rápido e eficiente. Ademáis, a tecnoloxía IRT (Inhibitor Removal Technology) de QIAGEN® permite eliminar os inhibidores de PCR do material xenético liberado. Este material xenético finalmente captúrase nunha membrana de sílice para ser lavado e eluído da membrana, permitindo conseguir material xenético libre de inhibidores cun elevado rendemento e listo para empregar en posteriores aplicacións como a PCR.

Nas mostras de plantas cun alto contido de compostos fenólicos inclúese solución PS para evitar a pérdida de ácidos nucleicos pola súa unión irreversible a ditos compostos. Esta solución foi empregada en todas as mostras excepto nas mostras de follas, como se indica na Táboa 24.Cantidades empregadas para a extracción.

Polo tanto, para levar a cabo o protocolo de extracción (Ilustración 35. Protocolo de extracción.), mestúranse 100 mg de cada mostra con 500 µL de solución CD1 ou 450 µL de solución CD1 máis 50 µL de solución PS (dependendo do tipo de mostra como xa se indicou) a un tubo de lise, e logo a mostra homoxenízase mediante vórtex e centrifúgase para recoller o sobrenadante, o cal se mestura con 250 µL de solución CD2 e se volve a centrifugar para recoller o sobrenadante. Finalmente, o sobrenadante mestúrase con Buffer APP, lévase a vórtex, e introdúcese o lisado nunha MB Spin Column para capturar o material xenético logo dunha centrifugación. Por último, o material xenético lávase na columna mediante o emprego dos buffers AW1 e AW2 mediante centrifugación, e finalmente emprégase o buffer de elución (buffer EB) para obter o ADN final.

A variedade *Kilis Yaglik* únicamente foi enviada ao INL (International Iberian Nanotechnology Laboratory) en Braga, polo que os datos correspondentes á súa extracción e cuantificación foron obtidos por Carla Teixeira (Ph.D Student no grupo "Food Quality & Safety Group").

Unha vez obtido o ADN, lévase a cabo a cuantificación do mesmo no Qubit dsDNA BR (amplio rango) para determinar a cantidade de ADN total. Este é un ensaio de alta sensibilidade que permite traballar con mostras de baixas concentracións de dsDNA.

A cuantificación do material xenético realízase por fluorescencia, de maneira que o kit presenta (entre outras) unha "working solution" que permite obter un sinal fluorescente estable durante tres horas ao mesturalo coas mostras ou o estándar. Antes de realizar as medidas das mostras é necesario calibrar o equipo preparando dous estándares, un cunha concentración de 0 ng/µL e outro cunha concentración de 100 ng/µL, así como preparar a "working solution" mesturando dous reactivos presentes no kit. Para a preparación das mostras, pódese empregar un rango de 1 a 20 µL xunto coa cantidade restante de "working solution" para chegar ata os 200 µL. Neste caso, empregáronse 20 µL de mostra.

O ensaio comeza lendo os estándares, e logo procédese á lectura das mostras tras indicar o volume empregado en cada caso. Calcula a concentración da mostra orixinal así como a concentración da mostra diluida no ensaio.

Todas as mostras, excepto as de Aceites Abril, empregáronse nas posteriores etapas empregando o seguinte código para facilitar o manexo:

Táboa 1. Códigos empregados nas mostras.

Variedade	Orixe	Código extracción	Código secuenciación
Olea europaea var. 'Ladoelia'	Chipre (Atsas Farm)	KY(A/F)	W1_CS_extraction
Olea europaea var. ' Kalamatas'	Chipre (Atsas Farm)	KA(A/F)	W2_CS_extraction
Olea europaea var. ' Koroneiki'	Chipre (Atsas Farm)	KO(A/F)(4-6)	W3_CS_extraction
Olea europaea var. ' Koroneiki'	Chipre, Sia (Aparthenasa)	KO(A/F)(1-3)	W4_CS_extraction
Olea europaea var. ' Koroneiki'	Chipre, Vavarsinia (Aparthenasa)	KO(A/F) (7-9)	W5_CS_extraction
Olea europaea var. 'Ladoelia'	Chipre (Aparthenasa)	KOU(A/F)(1-3)	W6_CS_extraction
Olea europaea var. ' Kato Dry'	Chipre (Aparthenasa)	KD(A/F)(1-3)	W7_CS_extraction
Olea europaea var. 'Kilis Yaglik'	Turquía (Global Organic Ltd.)	KK(A/F)(1-3)	W8_CS_extraction
Olea europaea var. 'Arbequina'	España (Aceites Abril)	ARA (1-3)	
Olea europaea var. 'Picual'	España (Aceites Abril)	PIA (1-3)	
Aceite	España (Aceites Abril)	AC (1-3)	
Pasta	España (Aceites Abril)	PA (1-3)	

[1]

4.3 Identificación morfolóxica.

As mostras identificáronse e autentificáronse morfolóxicamente no Grupo de Investigación de Recursos Xenéticos e Mellora do Olivo (UCOLIVO) pertencente á área de Producción Vexetal da Universidade de Córdoba por parte de Isabel Trujillo Navas.

[1] A/F: as mostras foron tanto de aceituna (A) como de folla (F).

Para a identificación e a autentificación, empregáronse mostras dos endocarpos das olivas.

As características morfolóxicas das diferentes variedades están dispoñibles no Catálogo Mundial de Variedades de Olivo (16).

4.4 Identificación das rexións xenéticas a estudar

Para levar a cabo a correcta identificación das variedades, precísase dunha rexión xenómica que conteña a suficiente variabilidade para diferencialas, pero tamén se atope conservada e, idealmente, previamente caracterizada para poder acceder a información complementaria obtida por terceiros.

Para isto é necesario realizar unha búsqueda bibliográfica que permita identificar aquelas rexións xenómicas previamente caracterizadas no olivo, e así avaliar cales serían as máis interesantes para a búsqueda de SNPs (Single Nucleotide Polymorfisms) que permitan diferenciar entre variedades (Táboa 2. Xenes avaliados para o estudo.). Nestas rexións buscaranse diferenzas alélicas intervarietais, para o cal é necesario secuenciar o xenoma das mostras, e obter a secuencia nucleotídica de cada unha das variedades que nos permita identificar marcadores (no caso de este estudo, os marcadores serán SNPs, ou Single Nucleotide Polymorfisms).

Táboa 2. Xenes avaliados para o estudo.

Referencia	Enlace	Xene
(2)	https://www.ncbi.nlm.nih.gov/nuccore/AY847065.1?report=fasta	*cycloartenol synthase*
(2)	https://www.ncbi.nlm.nih.gov/nuccore/AY847066.1	*lupeol synthase gene, partial cds*
(2)	https://www.ncbi.nlm.nih.gov/nuccore/DQ202708.1?report=fasta	*aquaporin PIP1-1*
(18)	https://www.ncbi.nlm.nih.gov/gene/?term=PIP2%3B1+olea	*aquaporin PIP2-1*
(18)	https://www.ncbi.nlm.nih.gov/gene/111404372	*aquaporin TIP1-1-like*
(18)	https://www.ncbi.nlm.nih.gov/nuccore/OL898594.1?report=fasta	*trnL tRNA-Leu*
(18)	https://www.ncbi.nlm.nih.gov/gene/8690372	*rbcL*
(4)	https://cdnsciencepub.com/doi/abs/10.1139/g06-068	*anthocyanidin synthase*
(4)	https://cdnsciencepub.com/doi/abs/10.1139/g06-068	*chalcone synthase*
(4)	https://cdnsciencepub.com/doi/abs/10.1139/g06-068	*Cu–Zn-superoxide dismutase gene*
(4)	https://cdnsciencepub.com/doi/abs/10.1139/g06-068	*calcium-binding protein*

4.5 Amplificación mediante PCR e secuenciación.

Unha vez identificadas aquelas rexións xenómicas para a búsqueda de SNPs que permitan discernir entre variedades de olivo, estas amplificaranse mediante end-point PCR. Para levar a cabo esta amplificación, tamén é necesario identificar os primers que permitan amplificar selectivamente a secuencia de interese.

Os primers empregados para a amplificación foron os seguintes:

Táboa 3. Primers empregados na PCR.

Información dos primers					
Gene	**Código**	**Secuencia**	**Tamaño amplicón**	**Concentración (nM)**	**Referencia**
OEX (Cycloartenol Synthase)	Cyc1-F Cyc1-R	GCCCATTTCAGATTGCAC GGGATTCTCAGGTCAGGA	755 bp	140 nM	(4)
OEW (Lupeol Synthase)	Lup2-F	CTAACTCGATGGCCGTTTTCTAA	504 bp	125 nM	(3)

Os amplicóns obtidos mediante a PCR foron purificados e enviados a Sanger Sequencing en Macrogen (Madrid, Spain), para obter as secuencias para ser analizadas mediante o software Geneious Prime® (versión 2023.1.2).

O traballo de amplificación, electroforese, e secuenciación, foi levado a cabo por Carla Teixeira (Ph.D Student, INL), no marco do proxecto europeo TITAN: Demonstration of traceability and authenticity in the olive supply chain. Este proxecto é financiado polo programa de investigación e innovación HORIZON EUROPE no marco do convenio de subvención No 101060739, e os resultados de secuenciación foron remitidos para o seu posterior análise bioinformático.

Unha vez levada a cabo a amplificación, as bandas dos amplicóns visualízanse mediante electroforese en xel para o cotexo visual da amplificación específica da rexión de interese. As condición da PCR móstranse a continuación:

Táboa 4. Condicións da PCR.

PCR program				
Step		**T (°C)**	**Time**	**Cycles**
Initial Denaturation		95	4 min	
Amplification	Denaturation	95	30 s	45
	Annealing	57	30 s	
	Extension	72	1 min	
Final Extension		72	6 min	

En tódolos casos para a amplificación con PCR empregáronse 5 µL da mostra de ADN de folla na que se obtivera unha maior concentración.

Para a electroforese en xel de agarosa, o xel prepárase a unha concentración do 2% (p/v) con 100 µL de buffer de borato de sodio (BS) e 4 µL de tinte de ácidos nucleicos. O xel cárgase con 1 µL de loading dye e 5 µL da mostra, e déixase correr en buffer SB a 300V durante 30 minutos.

Unha vez obtidos os produtos de PCR, nos que se atopan en cada mostra os xenes amplificados, estes envíanse a secuenciar mediante secuenciación Sanger á empresa ©Macrogen, Inc, polo método Macrogen Standard Sequencing, para o cal son necesarios 10 µl de ADN e 10 µl de primers, cunha concentración de 10 ng/µl no caso dos produtos de PCR e de 5-10 pmol/µl no caso dos primers. A concentración dos extractos de PCR determínase por fluorescencia mediante Qubit dsDNA BR.

4.6 Análise bioinformático



***Ilustración 2. Fluxo de traballo do análise bioinformático**: 1. Secuenciación e carga de secuencias no software Geneious Prime; 2. Edición e limpeza das secuencias: creación da secuencia reverso-complementaria da secuencia reversa, edición de nucleótidos mal asignados ou de baixa calidade, eliminación de extremos.... Ensamblado e corrección do contig; 3. Extracción da secuencia consenso, e búsqueda en bases de datos de secuencias coincidentes e secuencias do mesmo xen noutras variedades; 4. Aliñamento de todas as secuencias atopadas e identificación de SNPs; 5. Deseño e envío das secuencias das sondas.* Imaxe realizada con BioRender.

Unha vez recibidos os resultados de secuenciación, estes atópanse dispoñibles para descargar en formato .ab, entre outros, que permite a visualización e o análise das secuencias. Neste caso, o programa empregado para o análise das mesmas foi o software Geneious Prime (Geneious Prime® 2024.0.7).

4.6.1 Carga de secuencias no software para o posterior análise.

Polo tanto, en primeiro lugar é necesario cargar as secuencias no programa, as cales agruparon en carpetas separadas para cada xen. Como a secuenciación se realizou polo método de Sanger, para cada secuencia analizada obtense un cromatograma, o dato crudo lido polo secuenciador, a secuencia de nucleótidos e as calidades asignadas a cada un deles. A partir de cada cromatograma, mediante un proceso de basecalling, obtense a secuencia de nucleótidos. Este proceso realízao automáticamente o software, pero é convinte revisar a asignación de bases, xa que en moitas ocasións existen fallos.

4.6.2 Edición e tratamento das secuencias:

Logo de cargar as secuencias é necesario levar a cabo un proceso de curado ou de corrección das mesmas, para asegurar a súa fiabilidade e incrementar a calidade.

Para realizar esta asignación de bases tamén se fai uso dos valores de calidade, que é unha medida da probabilidade de que cada un dos nucleótidos secuenciados sexan erróneos. O Geneious Software permite unha vista da secuencia por colores segundo a calidade das bases, de xeito que canto máis escuro sexa o azul, menor será a calidade da base. Deste xeito, correxirase ruido de fondo por posibles contaminacións (picos minoritarios que impiden a visualización dunha secuencia limpa, con picos ben diferenciados), pero tamén asignacións incorrectas, dobles picos, picos pegados ou outros posibles erros, e introduciranse ou correxiranse os nucleótidos dexenerados que, na maioría dos casos, serán os marcadores xenéticos empregados para diferenciar entre variedades.

Tamén é necesario recortar as bases de mala calidade dos extremos da secuencia, onde existe moito ruido por fallos no secuenciador, o que se coñece como “Trim ends”, e é necesario realizalo antes de ensamblar o contig, xa que estas rexións, de estar presentes, poden producir ensamblaxes incorrectas.

4.6.3 Alineamento das secuencias curadas para obter a secuencia consenso, e búsqueda de coincidencias en bases de datos.

A continuación, logo de curar as secuencias, é necesario aliñar a secuencia F (forward) e R (reverse) de cada variedade para ensamblar o contig. Desta maneira obtemos o amplicón de doble cadea, o cal é necesario tratar para obter unha secuencia o máis pura e fiable posible. Antes de realizar o aliñamento é necesario obter a secuencia reverso-complementaria da secuencia reverse para que hibriden (esto ocorre porque a secuencia reverse amplifícase de xeito 5´-3´, pero para que poda hibridar coa secuencia forward necesitamos a secuencia inversa a esta, é dicir, a secuencia complementaria 3´-5´).



Ilustración 3. Procedemento para a realización dos aliñamentos. Imaxe de Geneious Prime.



Ilustración 4. Representación das secuencias F e R aliñadas e a consenso derivada deste aliñamento. Imaxe de Geneious Prime.

